

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA PROFESORA, CATEGORÍA B-21 (PROCESO DE ESTABILIZACIÓN)

O día 15/11/2024 ditouse o Decreto da Alcaldía do seguinte teor literal:

“(…) Decreto de nomeamento como persoal laboral fixo na convocatoria dunha (1) praza estrutural de profesor/a, categoría B-21, no seo do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración, ao abeiro da D.A. 6.ª da Lei 20/2021

Unha vez visto o decreto de selección de aspirantes e o requirimento de documentación ditado na convocatoria dunha praza estrutural de profesor/a, categoría B-21, no seo do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración, ao abeiro da D.A 6.ª da Lei 20/2021, do seguinte teor literal:

“Unha vez vista a convocatoria do proceso de selección mediante o sistema de concurso de méritos dunha praza estrutural de profesor/a, categoría B-21, no marco do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración, ao abeiro da D.A. 6.ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287, do 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE n.º 2, do 03/01/2023, e cuxa Oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto da Alcaldía do 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115, do 21/05/2022,

Unha vez vista a acta do Tribunal de selección do 05/11/2024, do seguinte teor literal:

“Unha vez reunida a Comisión Avaliadora designada polo Decreto da Alcaldía do 09/10/2024, na Sala de Xuntas da Casa do Concello, escusa a súa asistencia o 3.º vogal, Carlos Castiñeiras Rois, e enténdese o Tribunal validamente constituído en virtude do artigo 17.2 da Lei 40/2015, ás 09.36 horas do día 5 de novembro de 2024,

Unha vez vista a convocatoria do proceso de selección mediante o sistema de concurso de méritos dunha praza estrutural de profesor/a, categoría B-21, no marco do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración, ao abeiro da D.A. 6.ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287, do 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE n.º 2, do 03/01/2023, e cuxa Oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto da Alcaldía do 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115, do 21/05/2022,

Unha vez visto o decreto de aprobación provisional da listaxe de admitidos/as e excluídos/as publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia o 11/07/2024, e unha vez expirado o prazo de presentación de reclamacións ou emendas, publicouse no taboleiro de anuncio o decreto de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as e nomeamento do Tribunal do 09/10/2024,



Unha vez vista acta provisional Tribunal de selección: resultado da baremación de data 15/10/2024,

Unha vez vista a acta do Tribunal do 05/11/2024 desestimando a alegación contra a reclamación presentada fronte a baremación provisional,

Desenvólvese a sesión coa seguinte orde do día.

1) Consideración como definitiva da puntuación dos méritos das persoas candidatas admitida e determinación definitiva da aspirante con maior puntuación.

2) Proposta de nomeamento da aspirante con maior puntuación.

1) Consideración como definitiva da puntuación dos méritos das persoas candidatas admitida e determinación definitiva da aspirante con maior puntuación.

O resultado da baremación definitiva é o seguinte:

Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
Patricia Arias Ferreiro	56,07	10	66,07
Iratxe García Blanco	22,68	10	32,68
Elisa Brea Cid	90	10	100

Xa que logo, a relación de aspirantes por orde de puntuación é a seguinte:

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
***2827**	Elisa Brea Cid	90	10	100
***5344**	Patricia Arias Ferreiro	56,07	10	66,07
***7338**	Iratxe García Blanco	22,68	10	32,68

Segundo a base novena das que rexen a convocatoria “Unha vez concluída a valoración de méritos, o Tribunal publicará no taboleiro electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras levar a cabo a correspondente proba de galego de ser preciso, remitirá ao órgano competente a proposta de nomeamento dos/as aspirantes seleccionados/as en número non superior ao de prazas convocadas”

Neste caso non é necesario realizar a proba de galego pois a aspirante ten acreditado o coñecemento do idioma galego.



2) Proposta de nomeamento da aspirante con maior puntuación.

De conformidade coa base novena das que rexen a convocatoria na que se refire expresamente: “Unha vez concluída a valoración de méritos, o Tribunal publicará no taboleiro electrónico do Concello, a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras realizar a correspondente proba de galego de ser preciso, remitirá ao órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior ao de prazas convocadas”, mediante a presente, o Tribunal de Baremación, por unanimidade dos/as seus membros, proponlle ao órgano competente o nomeamento da aspirante seleccionada con maior puntuación, que é a seguinte:

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
***2827**	Elisa Brea Cid	90	10	100

(...). ”.

RESOLVO:

1) Sinalar que a aspirante seleccionada no proceso de estabilización de emprego para a cobertura dunha praza estrutural de Profesor/a, categoría B-21, será de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de Selección na acta do 5 de novembro do 2024, a seguinte:

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
***2827**	Elisa Brea Cid	90	10	100

2) Advertirlle á aspirante seleccionada que, para efectuar o seu nomeamento como profesora (persoal laboral fixo), será preciso achegar, no prazo de vinte días naturais, a documentación recollida na cláusula décimo primeira das bases xerais reguladoras do proceso de estabilización, que é a seguinte:

- Declaración xurada ou promesa de non ser separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Certificado médico que acredite a capacidade funcional da aspirante para o desempeño das tarefas habituais da praza.

Asemade, deberá achegar no mesmo prazo outorgado, a tarxeta da Seguridade Social e o n.º de conta bancaria.

3) Advertirlle que non poderá ser nomeada persoal laboral fixo a aspirante que dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non presente a documentación anteriormente referida ou cando do exame desta se deduza que carece dalgún dos requisitos esixidos.

4) Informar da presente resolución o Plenario municipal.”



Unha vez visto que a aspirante seleccionada presentou a documentación requirida en prazo,

RESOLVO:

1. Contratar como persoal laboral fixo para a cobertura dunha praza de profesor/a, categoría B-21, convocada no seo do proceso de estabilización do Concello de Xinzo de Limia, á aspirante Elisa Brea Cid, con DNI ***2827**.

2. Comunicarlle á aspirante seleccionada que debe acudir a formalizar a correspondente contratación no Departamento de Persoal do Concello no prazo de dez días naturais, que contarán desde a publicación deste decreto na sede electrónica, sen prexuízo da publicación no BOP.

3. Notificarlle o presente decreto ao Departamento de Persoal e á asesoría laboral do Concello de Xinzo de Limia.

4. Publicar a presente resolución no BOP para o coñecemento xeral.

5. Indicar que o réxime de recursos é o seguinte:

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente un recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao de recibir a presente notificación, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao de recibir a presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Igualmente poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente y sexa conforme a dereito.(...)”

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 3.337



IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA BIBLIOTECARIA, CATEGORÍA B-21 (PROCESO DE ESTABILIZACIÓN)

O día 15/11/2024 ditouse o Decreto da Alcaldía do seguinte teor literal:

“(…) Decreto de nomeamento, como persoal laboral fixo, na convocatoria dunha (1) praza estrutural de bibliotecario/a, categoría B-21, no seo do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración, ao abeiro da D.A. 6.ª da Lei 20/2021

Unha vez visto o decreto de selección de aspirantes e o requirimento de documentación ditado na convocatoria dunha praza estrutural de bibliotecario/a, categoría B-21, no seo do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración, ao abeiro da D.A. 6.ª da Lei 20/2021, do seguinte teor literal:

“Unha vez vista a convocatoria do proceso de selección mediante o sistema de concurso de méritos dunha praza estrutural de bibliotecario/a, categoría B-21, no marco do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración, ao abeiro da D.A. 6.ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287, do 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE n.º 2, do 03/01/2023, e cuxa Oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto da Alcaldía do 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115, do 21/05/2022,

Unha vez vista a acta do Tribunal de selección do 25/10/2024, do seguinte teor literal:

“Unha vez reunida a Comisión Avaliadora designada por Decreto da Alcaldía do 07/10/2024, enténdese o Tribunal validamente constituído en virtude do artigo 17.2 da Lei 40/2015, ás 08.30 horas do día 25 de outubro do 2024,

Unha vez vista a convocatoria do proceso de selección mediante o sistema de concurso de méritos dunha praza estrutural de bibliotecario/a, categoría B-21, no marco do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración, ao abeiro da D.A. 6.ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287, do 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE n.º 2, do 03/01/2023, e cuxa Oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto da Alcaldía do 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115, do 21/05/2022,

Unha vez visto o decreto de aprobación provisional da listaxe de admitidos/as e excluídos/as publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia o día 11/07/2024, e unha vez expirado o prazo de presentación de reclamacións ou emenda, publicouse no taboleiro de anuncios o decreto de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as e o nomeamento do Tribunal o día 07/10/2024,

Unha vez vista a acta provisional do Tribunal de selección: resultado da baremación do 09/10/2024,



Unha vez transcorrido o prazo de emenda e alegacións sen que se presentara emenda ou alegación ningunha.

Desenvólvese a sesión coa seguinte orde do día.

1) Consideración como definitiva da puntuación dos méritos das persoas candidatas admitidas e determinación definitiva da aspirante con maior puntuación.

2) Proposta de nomeamento da aspirante con maior puntuación.

1) Consideración como definitiva da puntuación dos méritos das persoas candidatas admitidas e determinación definitiva da aspirante con maior puntuación.

O resultado da baremación definitiva é o seguinte:

Apelidos e nome	Puntuación total/ máxima servizos	Puntuación total/ máxima formación	Puntuación total
Tania Prieto Parada	0	10	10
Roberto Rodríguez Velázquez	8,88	10	18,88
Manuela López Rodríguez	90	10	100
Cecilia Valiño Cid	0	10	10
Noelia Míguez Gómez	38,75	10	48,75
Noemí Romero Doural	0	10	10

Xa que logo, a relación de aspirantes por orde de puntuación é a seguinte:

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/ máxima servizos	Puntuación total/ máxima formación	Puntuación total
***6302**	Manuela López Rodríguez	90	10	100
***5687**	Noelia Míguez Gómez	38,75	10	48,75
***5564**	Roberto Rodríguez Velázquez	8,88	10	18,88
***3551**	Tania Prieto Parada	0	10	10
***8724**	Cecilia Valiño Cid	0	10	10
***8791**	Noemí Romero Doural	0	10	10

Segundo a base novena das que rexen a convocatoria, “Unha vez concluída a valoración de méritos, o Tribunal publicará no taboleiro electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras realizar a correspondente proba de galego de ser preciso, remitirá ao órgano competente a proposta de nomeamento dos/as aspirantes seleccionados/as en número non superior ao de prazas convocadas”

Neste caso, non é necesario realizar a proba de galego pois o/a aspirante xa ten acreditado o coñecemento do idioma galego polo que neste momento realizase a proposta de nomeamento.



2) Proposta de nomeamento da aspirante con maior puntuación.

De conformidade coa base novena das que rexen a convocatoria na que se refire expresamente: “Unha vez concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no taboleiro electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras realizar a correspondente proba de galego de ser preciso, remitirá ao órgano competente a proposta de nomeamento dos/as aspirantes seleccionados/as en número non superior ao de prazas convocadas”, mediante esta, o Tribunal de Baremación, por unanimidade dos/as seus membros, proponlle ao órgano competente o nomeamento da aspirante seleccionada con maior puntuación, que é a seguinte:

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/ máxima servizos	Puntuación total/ máxima formación	Puntuación total
***6302**	Manuela López Rodríguez	90	10	100

(...).”

RESOLVO:

1) Sinalar que a aspirante seleccionada no proceso de estabilización do emprego para a cobertura dunha praza estrutural de bibliotecario/a, categoría B-21, será de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de Selección na acta do 25 de outubro do 2024, a seguinte:

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/ máxima servizos	Puntuación total/ máxima formación	Puntuación total
***6302**	Manuela López Rodríguez	90	10	100

2) Advertirlle á aspirante seleccionada que, para efectuar o seu nomeamento como bibliotecaria (persoal laboral fixo), será preciso que achegue, no prazo de vinte días naturais, a documentación recollida na cláusula décimo primeira das bases xerais reguladoras do proceso de estabilización, que é a seguinte:

- Declaración xurada ou promesa de ser separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin estar inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.
- Certificado médico que acredite a capacidade funcional da aspirante para o desempeño das tarefas habituais da praza.

Asemade, deberán achegar no mesmo prazo outorgado a tarxeta da Seguridade social e o n.º de conta bancaria.

3) Advertirlle que non poderá ser nomeada persoal laboral fixo a aspirante que, dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non presente a documentación anteriormente referida ou cando do exame desta se deduza que carece dalgún dos requisitos esixidos.

4) Informar da presente resolución o Plenario municipal.”

Unha vez visto que a aspirante seleccionada presentou a documentación requirida en prazo,



RESOLVO:

1. Contratar como persoal laboral fixo para a cobertura dunha praza de bibliotecario/a, categoría B-21, convocada no seo do proceso de estabilización do Concello de Xinzo de Limia, a aspirante Manuela López Rodríguez, con DNI ***6302**.

2. Comunicarlle á aspirante seleccionada que debe acudir a formalizar a correspondente contratación no Departamento de Persoal do Concello no prazo de dez días naturais, que contarán desde a publicación deste decreto na sede electrónica, sen prexuízo da publicación no BOP.

3. Notificarlle o presente decreto ao Departamento de Persoal e á asesoría laboral do Concello de Xinzo de Limia.

4. Publicar a presente resolución no BOP para o coñecemento xeral.

5. Indicar que o réxime de recursos é o seguinte:

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente un recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao de recibir a presente notificación, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Igualmente, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente y sexa conforme a dereito. (...)"

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 3.336

